



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A REBAIXA DAS PEAXES NA AUTOESTRADA AP-53 QUE UNE AS PROVINCIAS DE OURENSE, PONTEVEDRA E A CORUÑA**

A ‘Autoestrada Central de Galicia’ (AP-53) é unha autoestrada de peaxe de titularidade estatal, que comeza na AP-9 en Santiago de Compostela (A Coruña) e finaliza en Dozón (Pontevedra). O primeiro tramo inaugurouse a finais de 2002. Os 56 quilómetros entre Santiago e o alto de Santo Domingo (Dozón) están xestionados pola sociedade Acega, mediante unha concesión administrativa do Goberno de España que José María Aznar adxudicou durante 75 anos, o período máximo permitido pola lei.

A AG-53 é unha autoestrada libre de peaxe de titularidade autonómica, grazas á decisión do goberno da Xunta de Galicia presidido por Emilio Pérez Touriño, que comeza na AP-53 en Dozón e finaliza na A-52, nos arredores da cidade de Ourense. En 2007 entrou en servizo o primeiro tramo. A sociedade Aceousa xestiona esta estrada baixo unha concesión administrativa da Xunta mediante peaxe na sombra.

Ambas estradas conforman a única vía de alta capacidade que une tres –Ourense, Pontevedra e A Coruña– das catro provincias de Galicia, o que a converte nun dos grandes eixos estruturantes da comunidade autónoma. O importe da peaxe que recae de forma directa no peto dos usuarios e usuarias ascende ata os 6,05 euros para os vehículos lixeiros e ata os 10,20 e 12,10 euros para os pesados. É, polo tanto, unha das autoestradas máis caras do Estado e no caso concreto dos camións, Galicia soporta os custes máis elevados de toda a rede estatal.

O Goberno central anunciou que, de forma inminente, os viaxeiros e viaxeiras que empregan a AP-9, van desfrutar de novas rebaixas nas peaxes en todos os tramos entre Tui e Ferrol. A inclusión destas bonificacións para a totalidade AP-9 prevista nos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, converterá á AP-53 na única autoestrada interprovincial sen este tipo de beneficio económico. O custo medio por quilómetro para vehículos lixeiros (0,1080 euros) xa é un dos máis elevados, situándose entre as catro primeiras de España e, nalgúns dos tramos, escala posicións ata converterse nos quilómetros máis caros de toda a rede.

Ante estes elocuentes datos, o PSdeG-PSOE de Ourense considera imprescindible aplicar rebaixas na AP-53, debido a súa importancia estratéxica para a provincia e para o resto de Galicia. Tamén porque é manifestamente inxusto e incluso discriminatorio que sexa unha autoestrada cunhas tarifas tan elevadas, pero sen bonificación algunha. Na actualidade, nin o seu dono nin a súa empresa concesionaria distinguen prezos en función da hora de paso, da tempada ou da frecuencia de uso do vehículo.

Esta proposta de bonificación de peaxes tamén busca axudar a vertebrar o interior da comunidade autónoma, fomentando o uso da autoestrada, en especial polos vehículos de maior tonelaxe, contribuindo así a unha importante mellora da fluidez do tráfico e da seguridade viaria na N-525 e no resto de estradas convencionais que prestan servizo á mesma



zona. Estas estradas aínda soportan un tráfico mais elevado do que lles correspondería, atravesando decenas de zonas poboado e núcleos habitados.

A sociedade concesionaria da Autoestrada Central de Galicia presenta importantes beneficios, polo que non poden existir escusas económicas. No ano 2018, o último exercicio auditado en situación de normalidade, a concesionaria obtivo 10,7 millóns de euros de ingresos por peaxes para un beneficio de 2,2 millóns. Segundo os cálculos feitos polos socialistas, precisaríanse uns 3,6 millóns públicos anuais para aplicar á AP-53 un sistema de rebaixas e bonificacións similar ao que se porá en marcha de forma inminente na AP-9.

Ao longo dos últimos anos, diversas institucións públicas coma concellos e deputacións de Galicia xa se amosaron a favor destas rebaixas. Por iso, os e as socialistas consideramos necesario que a corporación da Deputación de Ourense se manifieste no mesmo sentido. Ata unha trintena de vías do Estado abaratan peaxes a quen acumule un número de viaxes ou a quen circule en determinados tramos horarios. Polo tanto, o que demanda o PSdeG-PSOE ourensán para a AP-53 non é nin unha excepcionalidade nin un favor; é trato igualitario.

A desigual evolución na execución de infraestruturas e na regulación das peaxes está a crear unha nova situación de desequilibrio, na que o interior de Galicia resulta prexudicado outra vez. Con estes feitos, continúan a acentuarse as desvantaxes en función da situación xeográfica, e a asimetría territorial en termos de mobilidade, competitividade e seguridade.

A rebaixa das elevadas tarifas nesta autoestrada é tamén de xustiza social: Ourense precisa accións concretas e investimentos voluminosos que impulsen o reequilibrio territorial, logo de décadas nas que os fondos públicos e os proxectos multimillonarios regaron de miles de millóns o Eixo Atlántico, mentres se abandonaba a meirande parte do interior de Galicia.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao Goberno de España a aprobar, o máis axiña posible, un proxecto de Real Decreto de modificación da concesión da autoestrada de titularidade estatal AP-53 Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, para bonificación de peaxes.
2. Instar á Xunta a solicitar, o máis axiña posible, a transferencia á comunidade autónoma, da titularidade da autoestrada AP-53 Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, cumprindo así os acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.

En Ourense, 13 de maio de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**